

Estimadas familias do alumnado do IES do Castro:

A ANPA do Instituto convidavos a formar parte da asociación. Soamente dende a participación activa das familias na vida do IES, pódese acadar unha verdadeira comunidade educativa. Unha comunidade onde o traballo do profesorado e a colaboración das familias vaian da man, na procura do desenvolvemento integral dos nosos fillos/as no seu camiño de chegar a ser membros adultos da comunidade.

Na derradeira asemblea da ANPA do curso pasado, aprobamos rebaixar neste curso a cota de asociación a **6 € por familia**, no entendemento de que os cartos non deben supoñer un problema para participar na ANPA. Nese obxectivo da participación estamos na procura de mellorar a nosa canle de comunicación interna, a través do correo electrónico e o uso das TIC nun activo intercambio de ideas e información entre as familias asociadas, como complemento das xuntanzas e asembleas habituais. A traveso da ANPA teredes información sobre os consellos escolares, comisións de convivencia, económica e outros órganos de xestión do centro nos que a ANPA participa, co obxecto de que poidades participar coa vosa crítica e ideas nos mesmos. Ao asociarvos na ANPA abrides unha porta á participación activa na vida do IES.

O vindeiro **MÉRCORES DÍA 21 DE SETEMBRO ÁS 18:30 HORAS, NO INSTITUTO**, imos ter unha sesión informativa de **presentación, á que estades convidadas todas as familias, asociadas ou non**, na que falaremos daqueles temas que consideredes de interese mellorar no funcionamento da Asociación e do IES, e tentaremos de planificar os obxectivos do noso funcionamento neste curso.

Esperámosvos. Un atento saúdo.

Asdo. **Xunta Directiva da ANPA.**



.....
FICHA DE INSCRIPCIÓN NA ANPA

CURSO 2011 -2012

Cuota: 6,00 €/curso/familia c.c. ANPA IES O CASTRO (*NovaCaixaGal*): **2080 – 5075 – 14 – 3040030893**

Nome dos alumnos/as:

_____ Curso: _____

_____ Curso: _____

	1º Apelido	2º Apelido	Nome
Nai			
Pai			
Titor			

Enderezo familiar: _____

Teléfono/s de contacto: _____ / _____ / _____

E-mail (lexible:!!!MOI IMPORTANTE !!!) : _____

En _____ a _____ de _____ de 201__

Asdo. _____

Depositara no Buzón da ANPA no IES xunto con unha copia do resgardo do ingreso no banco